




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Cee. Parroquias: Santo Estevo de Lires. Extensión: 3,07km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha unidade alargada de norte a sur e articulada ao redor da Ría de Lires e ao val do río que recibe o mesmo nome. Este val é disimétrico nas proximidades da súa desembocadura, xa que a ladeira esquerda presenta pendentes superiores en valor ás da dereita, e este feito permite o asentamento da poboación de Lires. Cara ao interior, o val ábrese ao encontro do arroyo de Tedín, volvéndose a pechar a continuación en vales fluviais profundamente encaixados. O extremo noroccidental da unidade culmina na Punta Mellón, nunha estreita chaira litoral.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída no Dominio hercínico mediante un granitoide migmático. Gran importancia da cobertura que ten o Cuaternario nesta unidade. Aos sedimentos dos areais xúntanse os das marismas e intermareais do fondo da ría. Ademais, aparecen depósitos aluviais e detríticos no val do Rego da Carbaliza.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Esteiro con ambiente climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 15°C e a oscilación térmica rolda os 13°C.

#### OS SOLOS

Presenza de solos costeiros relacionados cos procesos de sedimentación fluvio-maríños, destacando os fluvisóis sálicos e tiónicos da estreita chaira intermareal de fondo de ría. Na vertente obsérvase unha catena dos solos máis evolucionados e ricos de tipo cambisol dístrico na parte baixa do val aos umbrísóis dístricos de media ladeira e finalmente aos leptosóis líticos de cabeceira, localizados fundamentalmente no Monte do Couto.


#### AS AUGAS

O río Lires hexemoniza a rede fluvial da unidade, con dirección norte, ata o seu encontro co río do Castro na saída da Ría de Lires ás Augas Costeiras da área de Nemiña (20139).

#### O PATRIMONIO NATURAL

A franxa máis costeira da unidade inclúese no ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. A costa é sedimentaria, estuarina, aparecendo os hábitats 1110 e 1140, é dicir, os bancos arenosos e fangosos intermareais e do submareal somero, ademais dos propios de marisma, grupo 13, marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais. No continente, o Rego da Carbaliza e o seu aplanado val aglutinan os hábitats de interese. Aparecen masas ripícolas (91E0), ao redor de 1ha, e acompañan en moitos tramos do río e na vaguada que vai cara ao sur ao pé do Monte do Couto os prados húmidos potencialmente dos hábitats 6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos hígrófilos. Non faltan bosquetes de frondosas de recolonización a partir do abandono dos campos de cultivos e prados de orientación agropecuaria.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

As ladeiras do val formada polo río Lires e os montes do sur da unidade están cubertos de especies forestais introducidas. Na chaira do val, que se estende desde a fachada costeira da ría de Lira ata o núcleo de poboación de Canosa predominan os terreos de cultivo intercalados por algún bosque de ribeira e prados húmidos nas marxes do río. Na parte dereita da ría de Lires os terreos de cultivo víronse interrompidos pola aparición dun novo uso industrial (Piscifactoría de Lires).

#### MORFOLOXÍA

O núcleo principal da unidade é Lires, situado na marxe dereita da ría que lle dá o seu nome. Lires está catalogado como Núcleo de Identidade Litoral xa que se trata dun asentamento tradicional cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lle confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. O seu centro histórico mantén unha estrutura tradicional cun modelo concentrado de vivendas sobre un eixe central. Na actualidade estase producindo unha expansión do núcleo en torno ás vías de comunicación. Coa existencia desta nova zona de crecemento do núcleo rural a estrutura do asentamento vaise esvaecendo, tendendo á dispersión. A súa tipoloxía edificatoria mantense, constituída por vivendas unifamiliares dunha ou como máximo dúas plantas, pero en vez de estar concentradas sobre o núcleo agora aparecen incluídas nunha parcela. Ao pé da vertente noreste do monte Couto sitúase o núcleo tradicional de Canosa, cun marcado carácter agrario, cunha estrutura compacta deixando libre o parcelario para o cultivo. Hai que destacar a implantación dunha piscifactoría de troita, unha das máis importantes de España en produción de troita, na marxe da ría.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unha estrada da rede secundaria é a que articula o resto dos camiños existentes. Esta vía cruza lonxitudinalmente a unidade, ten un trazado rectilíneo adaptado ao relevo do val. Esta é a estrada que une os dous núcleos existentes na unidade, pero antes de chegar a Lires bifúrcase, proporcionando dúas entradas ao núcleo, unha máis próxima á ría polo lado oeste e a outra enlaza cunha estrada comarcal a C-2301, que une a piscifactoría con Lires, perdéndose no interior do territorio con dirección á vila de Pereira. O resto da rede de camiños estrutura o parcelario existente.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Practicamente todo o patrimonio existente está concentrado no núcleo de Lires, exceptuando a mámoa do Prado das Fontes e o Castro de Tedín no Monte do Castro. Destaca a Igrexa de San Estevo de Lires e un conxunto de hórreos tradicional. A parte existen tamén numerosos cruceiros e casas tradicionais.



### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter, tanto da unidade coma da parroquia é claramente agrario. Na parte norte temos un límite físico entre os municipios de Cee e Muxia, que é o río Castro, que termina o seu percorrido na ría de Lira. O río Lira hegemoniza a rede fluvial da unidade, formando un val de ladeiras suaves, é ideal para as actividades agropecuarias. Os montes que encerran ao val están poboados de masas de árbores de repoboación e marcan un límite (os da zona oeste) coa costa acantilada, protexendo o val de temporais. Existe na confluencia do río Castro coa ría de Lires unha das maiores piscifactorías do territorio galego.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Hai unha transformación do parcelario como consecuencia da agrupación das parcelas e unha creación de novas vías que producen unha discontinuidade na estrutura da paisaxe. Progresivamente produciuse un abandono da actividade agraria, cambiando o uso destes solos, que antes se dedicaban a cultivos forraxeiros ou prados pasando agora a ser ocupados, sobre todo, por masas de árbores froito de repoboacións forestais. Na marxe dereita da desembocadura do río Castro, antano ocupado por terreos de cultivo que permitían unha intervisibilidade entre ambas as dúas beiras, implantouse unha piscifactoría. O modelo de asentamentos non sufriu grandes transformacións, destacar a ampliación do núcleo de Lires arredor das vías de comunicación e aparición dalgunha construción dispersa e algún equipamento novo (campo de fútbol).

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A Ría de Lires, situada entre o Cabo Toriñán e o Cabo Fisterra, forma parte do LIC e ZEPVN Costa da Morte da Rede Natura 2000 polo seu enorme valor ecolóxico, especialmente ornitolóxico, debido a que constitúe un lugar de camiño de numerosas aves mariñas. Hai que destacar tamén a boa conservación que ten Lires como Núcleo de Identidade Litoral, cun patrimonio cultural abundante, sobre todo a riqueza do conxunto dos seus hórreos. Unha boa panorámica do conxunto da unidade podémola obter desde o alto Mellón de Lires, ao que podemos acceder por un camiño de terra que parte desde o cemiterio.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









|   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

|  |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico                         |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional                             |
|  Agregado urbano / Agregado urbano  |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación                                       |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones                                |

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

|   |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural                                    |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico   |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico   |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia                 |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos                       |
|  Puntos de observación / Puntos de observación   |
|  Faros / Faros   |




#### Toponimia / Toponimia

|  |
|--|
| Toponimia interior / Toponimia interior                                      |
| <b>Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral</b> |
| Praia / Playa  |
| Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve               |
| Toponimia de costa / Toponimia de costa                                      |
| <b>Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico</b>   |
| Toponimia de portos / Toponimia de puertos                                   |

#### Batimetría / Batimetría

|   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

|   |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón                    |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico     |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera     |

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

|   |
|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria               |
|  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje                |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto   |
|  Zona portuaria / Zona portuaria                       |
|  Ferrocarril / Ferrocarril                             |
|  AVE / AVE   |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías       |
|  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras                    |
|  Pistas e camiños / Pistas y caminos                   |
|  EDAR / EDAR   |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



